

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO X14

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Manuel Baamonde
Juan Manuel Corbacho
Alberto Dafonte Gómez
Ana Belén Fernández Souto
David Formoso
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Pedro Pablo Gutiérrez
Beatriz Legerén
Jorge Lens Leiva
Xabier Martínez Rolán
M^a Isabel Míguez
Alberto Pena Rodríguez
Paulino Pérez Feijoo
Diana Ramahí
Fortunato Rodríguez Fernández
José Rúas Araújo
Emma Torres Romay
Montse Vázquez Gestal
Javier Abuín Penas

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Carmen López de Aguilera
Carmen Máiz Bar
Julinda Molares Cardoso
Román Pereiro
Mónica Valderrama Santomé
Isabel Moreira Recamán
Ana Suárez Mariño

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 19 de decembro de 2019, convocada para as 13:15h en primeira convocatoria e ás 13:45h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 19 de decembro de 2019, ás 13:50h deu comezo a sesión co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior:
Apróbase.

2. Informe do director do Departamento.

O director do Departamento, José Rúas Araújo, informa:

- Instalación da nova impresora no corredor do terceiro andar e a antiga nun novo emprazamento.
- Prazo de reclamación da Produción Científica ata o mes de xaneiro. Debe levar a sinatura do director do Departamento. Quen o precise que lle envíe o PDF por correo electrónico e asinarao electronicamente.
- Procederáse a adaptación da páxina web a través da empresa adjudicataria ao resto do Departamento. Enviouse un correo electrónico co modelo de currículum vitae (CV)

para o profesorado e as datas nas que o profesor Jorge Lens fará a foto a quen queira. O director agradece ao docente Jorge Lens a súa disposición.

- Enviáronse os diplomas do *Curso de Narración Audiovisual e Transmedia* do Programa de Formación do Profesorado.
- *Foro de la Comunicación*. Enviáronse 4 propostas, dúas foron rexeitadas.
- Reuníronse as comisións das prazas que saíran a concurso e que foron publicadas na web.

3. Aprobación, se procede, da modificación do POD relativa a docencia dos profesores Sergio Frade e Juan Corbacho.

O director lembra que no anterior Consello informouse dunha incompatibilidade do docente Sergio Frade entre a súa actividade laboral e docente coa materia *Campañas de Imaxe e Relación Públicas* na que imparte 20 horas. Tras falar co profesor Juan Corbacho, van facer un cambio coa materia *Relacións Públicas e Protocolo* pendente da súa aprobación no Consello.

Apróbase.

4. Aprobación, se procede, dos informes de solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios).

Solicitudes:

- | | |
|-------------------------|-------------------------|
| - Oswaldo García Crespo | - Diana Ramahí |
| - María Isabel Míguez | - Pedro Pablo Gutiérrez |
| - Jorge Lens | - Silvia García Mirón |
| - Juan Corbacho | - Paulino Pérez Feijoo |

Apróbanse.

5. Rolda de intervencións.

O profesor David Formoso agradece a instalación da antiga impresora do Departamento no seu novo emprazamento.

A profesora Emma Torres solicita de novo, tendo en conta que é irrenunciábel o nomeamento para formar parte dunha CEA, que non se inclúan as persoas cando non estean presentes no Consello do Departamento no que se constitúen ditas prazas. Lembra que non se lle avisou nin telefonicamente e insta ao director do Departamento que pida desculpas porque o proceso estivo mal feito.

O director recorda que o proceso como tal está establecido, que en anteriores convocatorias fíxose do mesmo xeito e que formou parte de CEAs sen que ninguén lle preguntara. A profesora Emma Torres négao e reafirma que dende a dirección do Departamento non se fan ben as cousas e menos nomear a alguén cando está cun permiso.

O director infórmalle que non consta no Departamento nin a súa desculpa nin o seu permiso de ausencia na data na que o Consello do Departamento aprobou a CEA da que forma parte.

Sen máis intervencións, levántase a sesión ás 14:25h

En Pontevedra, 19 de decembro de 2019

A secretaria do Departamento

O director do Departamento

Montserrat Vázquez Gestal

José Rúas Araújo